Taxa de éxito	<p>Facultade de Relacións Laborais da Universidade de Santiago de Compostela:  <a href="http://www.usc.es/gl/centros/rlaborais/titulacions.html?plan=14471&amp;estudio=14472&amp;codEstudio=13985&amp;valor=9">http://www.usc.es/gl/centros/rlaborais/titulacions.html?plan=14471&amp;estudio=14472&amp;codEstudio=13985&amp;valor=9</a></p> <p>Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo:  <a href="http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/calidade/indicadores-academicos/">http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/calidade/indicadores-academicos/</a></p> <p>Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade de A Coruña:  <a href="http://estudos.udc.es/gl/study/quality/492V01">http://estudos.udc.es/gl/study/quality/492V01</a></p>
Taxas de inserción laboral	<p>Facultade de Relacións Laborais da Universidade de Santiago de Compostela:  <a href="http://www.usc.es/gl/centros/rlaborais/titulacions.html?plan=14471&amp;estudio=14472&amp;codEstudio=13985&amp;valor=9">http://www.usc.es/gl/centros/rlaborais/titulacions.html?plan=14471&amp;estudio=14472&amp;codEstudio=13985&amp;valor=9</a></p>
Outras taxas/resultados complementarias que o título fai públicas (Informe institucional resultados Docentia)	<p>Facultade de Relacións Laborais da Universidade de Santiago de Compostela:  <a href="http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosmasteres.html">http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosmasteres.html</a></p>
Órgano responsable do sistema de	<p>Facultade de Relacións Laborais da Universidade de Santiago de Compostela:</p>

<p>garantía de calidade do título</p>	<p><b>Capítulo MC-03</b>  <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/rlaborais/descargas/Manual_de_Calidad.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/rlaborais/descargas/Manual_de_Calidad.pdf</a>  <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/memorias_master_USC/P3042_Master_Xestion_Direccion_Laboral_memoria_ed02.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/memorias_master_USC/P3042_Master_Xestion_Direccion_Laboral_memoria_ed02.pdf</a>  <a href="http://www.usc.es/gl/centros/rlaborais/calidade.html">http://www.usc.es/gl/centros/rlaborais/calidade.html</a>  <b>Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo:</b>  <a href="http://masterlaboral.es/?page_id=201">http://masterlaboral.es/?page_id=201</a>  <a href="http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/calidade/comision-de-calidade/">http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/calidade/comision-de-calidade/</a>  <b>Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade de A Coruña:</b>  <a href="http://estudos.udc.es/gl/study/quality/492V01">http://estudos.udc.es/gl/study/quality/492V01</a></p>
<p>Política e obxectivos de calidade</p>	<p><b>Facultade de Relacións Laborais da Universidade de Santiago de Compostela:</b>  <b>Capítulo MC-03</b>  <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/rlaborais/descargas/Manual_de_Calidad.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/rlaborais/descargas/Manual_de_Calidad.pdf</a>  <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/memorias_master_USC/P3042_Master_Xestion_Direccion_Laboral_memoria_ed02.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/memorias_master_USC/P3042_Master_Xestion_Direccion_Laboral_memoria_ed02.pdf</a>  <b>Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo:</b>  <a href="http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/calidade/manual-de-calidade/">http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/calidade/manual-de-calidade/</a>  <b>Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade de A Coruña:</b>  <a href="http://estudos.udc.es/gl/study/quality/492V01">http://estudos.udc.es/gl/study/quality/492V01</a></p>
<p>Manual e procedementos do SGC</p>	<p><b>Facultade de Relacións Laborais da Universidade de Santiago de Compostela:</b>  <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/rlaborais/descargas/Manual_de_Calidad.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/rlaborais/descargas/Manual_de_Calidad.pdf</a>  <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/memorias_master_USC/P3042_Master_Xestion_Direccion_Laboral_memoria_ed02.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/memorias_master_USC/P3042_Master_Xestion_Direccion_Laboral_memoria_ed02.pdf</a>  <b>Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo:</b>  <a href="http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/calidade/manual-de-calidade/">http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/calidade/manual-de-calidade/</a>  <b>Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade de A Coruña:</b>  <a href="http://sgic.udc.es/seguemento.php?id=760">http://sgic.udc.es/seguemento.php?id=760</a></p>

<sup>1</sup> **Curso ponte:** centro/s en que se imparte, número de prazas ofertadas, criterios acceso e admisión, probas de acceso se existen, información previa á matriculación, Informe Anual de Seguimento



FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS

número de créditos do curso, itinerarios formativos, transferencia e recoñecemento de créditos, modalidades de impartición, normativa de permanencia, guías docentes das materias a cursar.

<sup>2</sup> **Tipo de materia, número de créditos, competencias, contidos, metodoloxía, sistema de avaliación, titorías, calendario e horario, responsable docente, idiomas en que se imparte.**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
1. Descrición do título							
Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio <sup>3</sup>							
Satisfactoria	xA	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</b></p> <p>O Máster Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral impártese nas Universidades de Santiago de Compostela, Vigo e a Coruña. Ten como contido esencial un aspecto moi concreto das relacións laborais na empresa ou na Administración pública, a saber, os procedementos e protocolos de actuación na toma e execución de decisións organizativas que incumben tanto ao ámbito privado de devanditas relacións (o contrato de traballo e as súas incidencias, a negociación colectiva e a prevención de riscos), canto ao público (a tramitación da protección social dos traballadores, a materia impositiva e o Dereito sancionador no eido das relacións laborais e as repercusións económicas no mercado de traballo). Por iso ofértanse tres especialidades distintas, a saber:</p> <p>1) "Xestión sociolaboral", na Universidade de Santiago de Compostela, que se centra principalmente nos procedementos propios do Dereito público da administración da empresa;</p> <p>2) "Recursos Humanos", na Universidade de A Coruña, que se refire aos protocolos de xestión do persoal na empresa; e ,</p> <p>3) "Dirección laboral da empresa", na Universidade de Vigo, sobre os procedementos propios do Dereito Colectivo do Traballo e do Dereito Sancionador do Traballo nesa mesma entidade.</p> <p>Grazas a todo iso, o título especifica que non se trata do estudo do Dereito do Traballo e da Seguridade Social, do Dereito Tributario e Financeiro e da Economía, senón da imputación destas disciplinas e a súa xestión práctica na empresa ou na Administración pública que actúa como empregador.</p> <p>Por iso, os alumnos que solicitan cursalo deben de contar con coñecementos básicos relativos ao Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Dereito Tributario, Economía laboral e Contabilidade. En consonancia con iso, a <i>Memoria de Verificación do Máster</i> considera como alumnos preferentes aos que ostenten os títulos de Grao en Relacións Laborais, Licenciatura en Ciencias do Traballo, Diplomatura en Relacións Laborais e Graduado Social. Verase no epígrafe relativo ao "Acceso e admisión de alumnos" a evolución da matrícula e como as vicisitudes dos estudos referidos ás relacións laborais inflúen no número de alumnos inscritos.</p> <p>Por outra banda, ao tratarse de un máster internuniversitario, é fundamental a coordinación entre as devanditas Universidades, moi especialmente na parte troncal que se desenvolve durante o 1º cuatrimestre. O órgano encargado da devandita coordinación, tal e como se reflicte na Memoria de Verificación, é a Comisión Interuniversitaria. Nas reunións da devandita Comisión infórmase tamén sobre o desenvolvemento das materias do 2º cuatrimestre, propias da especialidade que imparte cada Universidade, sobre admisión de estudantes, recoñecemento de materias, etc. Para xestionar o funcionamento interno das tres especialidades, cada Universidade conta cunha comisión do máster. Neste sentido hai que indicar que a Comisión Interuniversitaria do Máster aprobou con fecha de 1 de Xullo de 2013 a creación de Comisión do máster da Universidade de Vigo, que non existía previamente debido a que nos cursos anteriores Vigo non ofertara a titulación.</p> <p>Consideramos fundamental a subvención que anualmente achega a Consellería de Traballo e Benestar, en particular a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, para o desenvolvemento do Máster. Iso permite a participación de relatores que co seu visión práctica complementan a formación académica impartida polos profesores universitarios.</p> <p>No curso 2013-2014 ofertáronse 30 prazas en cada especialidade. Na USC houbo 32 matrículas de novo ingreso, na UDC 30 e na UVIGO 33. Ademais, no 2º cuatrimestre a Universidade da Coruña recibiu 9 estudantes matriculados na Universidade de Santiago, para cursar a especialidade de Recursos Humanos.</p>							
<p><b>BOAS PRÁCTICAS<sup>4</sup></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A información dispoñible a través das páxinas web habilitadas nas Universidades, así como os link de conexión nelas consignados.</li> <li>- Reunións periódicas da Comisión interuniversitaria de das respectivas comisións do Máster</li> </ul>							

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

<sup>3</sup> **Niveis de valoración:**

- \* **Satisfactorio (A):** existen evidencias documentais que apoian a presunción dunha realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio. Ademais desenvólvense dun xeito eficaz, medible e de acordo a unhas responsabilidades perfectamente definidas.
- \* **Suficiente (B):** existen evidencias documentais acerca da realización de actividades relacionadas co elemento que permiten supoñer que, polo menos, nos seus aspectos básicos se desenvolven de maneira recorrente e ordenada, aínda que existan aspectos secundarios non contemplados.
- \* **Insuficiente (C):** existen evidencias puntuais da existencia de contidos relacionados coa cuestión formulada polo elemento pero non se axustan, na súa totalidade, aos criterios establecidos, non están correctamente definidos ou non se formulan de maneira sistemática.
- \* **Ausencia de evidencias documentais (D):** non existen evidencias documentais sobre o cumprimento da cuestión formulada polo elemento ou as que existen son inadecuadas.

<sup>4</sup> **Enténdese por boa práctica:** proxecto, programa, técnica ou medio de xestión, implantado de forma complementaria/suplementaria ao establecido na memoria de verificación, que cumpre as seguintes características: xera un impacto positivo no título, podería ser replicado no restos dos títulos, implica un aproveitamento eficaz das oportunidades, demostra creatividade no seu enfoque dun problema, implica efectividade dos recursos...).



3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
2. Xustificación							
<p><i>Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.</i></p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	xA	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</b></p> <p>A xustificación do título forma parte da proposta de implantación. Dita xustificación comprobase plenamente cos profesionais que se formaron e que responden á demanda que a sociedade e os grupos de interese nos fixeron chegar. Os datos reflectidos no criterio de Acceso e admisión de estudantes, con respecto ao número de prazas ofertadas en relación co número de alumnos matriculados, en cada unha das 3 Universidades, corroboran a devandita valoración (como se mencionou no apartado anterior cubríronse a totalidade das prazas ofertadas).</p> <p>Un dato positivo a indicar é que na USC a taxa de matriculados no máster, 32, está bastante por riba da media da USC (20,54). Neste sentido o porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas é do 106,67% fronte ao 64,69% de media da USC.</p> <p>Con respecto á información sobre os egresados, non se dispón de datos porque as universidades non os solicitaron. Se ben, por información directa dos propios estudantes, cinco alumnos da UVIGO do curso 2013-2014 foron contratados inmediatamente despois de finalizar o máster e a lo menos dous en empresas onde realizaron a materia de Prácticas externas. Pola súa banda, durante o curso foron dúas as empresas que se puxeron en contacto coa Coordinadora para solicitar estudantes do Máster para contratalos, de ser o caso.</p>							
<p><b>BOAS PRÁCTICAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Insistir na información directa do profesor ao alumno aos efectos das oferta do Máster.</li> <li>- Informar e concienciar aos alumnos sobre a necesidade de cumprimentar as enquisas.</li> </ul>							
<p><b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b></p>							
<p><b>BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:</b></p>							

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
3. Competencias							
Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	xA	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</b>							
<p>As competencias que se desexan sexan acadadas polos alumnos veñen reflectidas na <i>Memoria de Verificación do Máster</i> e axústanse ao establecido no RD 1393/2007, el RD 861/2010 e aos descritores do Marco Español de Cualificacións para la Educación Superior. <i>Grosso modo</i>, o perfil do alumno que o cursou caracterízase porque, tras os estudos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) Mellora a súa cualificación profesional no ámbito das relacións laborais e os recursos humanos.</li> <li>2) Obtén unha especialización no manexo e deseño dos procedementos de xestión das decisións empresariais no ámbito do Dereito do Traballo e da Seguridade Social, do Dereito Tributario e en aspectos concretos da economía exclusivamente referidos ao emprego.</li> </ol> <p>No relativo á relación de proporcionalidade da duración do traballo fin de máster -en diante, TFM- e das prácticas externas co resto das materias, cabe recordar que este Máster ofertouse por vez primeira no curso académico 2007-2008 cunha duración bienal. Pouco tempo despois xurdiu a imperiosa necesidade de adaptalo aos plans de estudo dos Graos que aínda non existían no momento de implantación daquel. Nesa adaptación, diversas materias impartidas no Máster pasaron a integrar parte do contido dos novos Graos. Así, reduciuse o seu número de materias e apostouse por un alto nivel de especialización. A partir do curso 2011-2012, as materias que se imparten no Máster son as únicas que poderían facelo e se adecúan con exactitude ao seu título. Por todo iso, o TFM (6 créditos ECTS) e as prácticas (6 créditos ECTS) son proporcionais tanto á duración anual do Máster (60 créditos), canto á de cada unha das materias que o integran cuxa carga oscila entre 3 e 6 créditos ECTS.</p> <p>Durante o curso 2013-2014 leváronse a cabo varias actividades extraordinarias que axudaron a mellorar as competencias dos estudantes. O máster organizou en Setembro de 2014, xunto coa Universidade de Panteón-Sorbona, as xornadas "O dereito do traballo fronte a crise", coordinadas pola profesora Consuelo Ferreiro (anterior coordinadora internuniversity) e nas que participaron estudantes do máster das distintas universidades. Pola súa banda, os estudantes da Universidade de Vigo participaron no Seminario Internacional de Dereito do Traballo e da Seguridade Social "A protección dos dereitos fundamentais dos traballadores ante os Tribunais internos e internacionais" celebrado en Xuño de 2014. Ademais, a Coordinadora do Máster na Universidade de Vigo, xunto con outros profesores do mesmo, mantivo unha xuntanza informativa e de posta en común de ideas con representantes das empresas, sindicatos e institucións públicas que colaboran activamente co Máster. En concreto tratouse o tema das prácticas externas e comprobouse que existe un importante grado de satisfacción cos estudantes do Máster e o seu desenvolvemento das mesmas.</p> <p>O resultado das enquisas aos alumnos no curso 2013-14 arroxa os seguintes resultados en cada Universidade:</p> <p>Na Universidade de Santiago, no item referido a satisfacción do alumnado coa adquisición de competencias, obtívose unha cualificación media de 3,5 sobre 5, similar a do curso anterior. Na Universidade de Vigo o dato obtido e de 4,38 sobre 7. E na Universidade de Coruña a puntuación subiu de 2,95 no curso 2012-13 a 3,62 sobre 7 no curso 13-14. Aínda que na UDC o puntuación non acada a media, hai que valorar a melloría sobre o curso anterior. Con respecto a UDC e a USC, os resultados poden considerarse satisfactorios, aínda que hai que seguir actuando con medidas para tratar de melloralos.</p> <p>Sobre o grado de satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas, na USC obtívose unha cualificación de 2,80 sobre 5, e na Universidade da Coruña de 2,81 sobre 7 (2,19 no curso anterior). Resulta obvio que é necesario traballar na procura de mellorar a percepción que teñen os estudantes sobre este aspecto.</p> <p>Pola súa banda, na Universidade de Santiago dispónse de información sobre o grado de satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas. O resultado acadado e de 3,83 sobre 5. Non se dispón de información da UDC e da Uvigo neste apartado.</p> <p>En xeral, aínda que algúns dos datos poden considerarse satisfactorios, debemos seguir actuando nos próximos cursos coa implantación de algunhas medidas de mellora. E necesario recalcar, de todos modos, que a taxa de resposta das enquisas é en xeral bastante baixa, o que debe levar a reflexionar sobre o sistema que se está a empregar actualmente nas universidades, e concretamente na Universidade de Santiago, onde tódalas enquisas</p>							

realízanse on line sen ningún tipo de control sobre as mesmas. Neste sentido, a taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado na USC foi do 37,14.

**BOAS PRÁCTICAS**

- O labor de información persoal e directa co alumnado a través da cal explícaselles as competencias a alcanzar e cómo facelo.
- A realización de actividades extraordinarias que axudan a adquisición de coñecementos e competencias clave.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Ofrecer aos estudantes información máis precisa sobre o obxectivo e o contido das prácticas externas.
- Levar a cabo actividades extraordinarias para orientar aos estudantes sobre o mercado de traballo e que coñezan cales son as competencias máis demandas e o grado en que eles as posúen.

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 4. Acceso e admisión de estudantes

Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	xA	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	----	------------	---	--------------	---	------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

O acceso e a admisión de estudantes constitúen unha preocupación constante neste Máster. Procurouse ofrecer a maior e mellor información aos alumnos das tres Universidades a través da coordinación do Máster e, en especial, das Facultades onde se imparte. Como xa se sinalou no epígrafe relativo á "Descrición do título", a evolución da matrícula parece estar condicionada ás vicisitudes dos estudos universitarios das relacións laborais. Así, no curso 2013-14 apréciase unha taxa de matriculados similar a do curso anterior, onde se cubriron a totalidade das prazas ofertadas. No que atinxe á Universidade de Santiago de Compostela, ofertáronse 30 prazas aínda que os servizos centrais de matrícula admitiron 32 novos alumnos; na Universidade de A Coruña, 30 prazas ofertáronse e 30 cubríronse, o mesmo na Universidade de Vigo. A taxa de matrícula nas tres universidades considérase un gran éxito, xa que é das máis altas nas tres universidades para os másteres que ofertan.

Ese crecemento sostido nestes dous últimos anos é máis visible en comparación cos datos obtidos nos anos precedentes. En efecto, o curso 2011-2012, 40 alumnos fixeron a súa preinscripción na Universidade de Santiago de Compostela, matriculándose só 18, mentres que na Universidade de A Coruña 16 estudantes se matricularon dos 22 que se prescribían. No 2012-2013, 28 alumnos tivo a Universidade de Santiago de Compostela, dos que un abandonou; paralelamente, na Universidade de A Coruña a matrícula foi de 28 alumnos, producíndose dous abandonos. No que atinxe a Universidade de Vigo, as súas estatísticas son elocuentes dun bo resultado, dado que no ano de referencia a *ratio* entre as prazas demandadas e as ofertadas foi dun 163'33%, que loxicamente é o mesmo porcentaxe derivado da análise dos estudantes preinscritos sobre as prazas ofertadas.

Algunhas das razóns que explican este dato positivo son as seguintes:

- 1) A mellor e maior información sobre o contido exacto do Máster e a súa orientación profesional. Como se dixo, dirixese principalmente a titulados con estudos no ámbito das relacións laborais, o que non impide o acceso doutros titulados. Antes moitos destes, tras asistir ás primeiras clases do Máster, observaban que o grao de especialización deste esixía unhas competencias das que carecían. Na actualidade, o alumno coñece con máis profundidade o perfil do que estuda e do que desexa adquirir.
- 2) A saída da primeira promoción do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos, que constitúe a canteira principal do alumnado do Máster, no curso 2012-2013.
- 3) A orientación do alumnado cara ao mundo da empresa, máis o que se evidencia polo seu desexo considerable de estudar as diferentes especialidades do Máster, como máis abaixo explícase.

Se facemos unha análise polas diferentes Universidades atopamos os seguintes datos:

Na Universidade de Coruña no curso 2013-14 matriculáronse 33 estudantes, coa seguinte distribución: 30 estudantes de novo ingreso, 2 estudantes que comezaran a titulación no curso 2012-13 e tiñan materias pendentes, 1 estudante que, superando todas as materias da especialidade de Recursos Humanos (UDC), matriculouse na especialidade de Xestión Sociolaboral (USC). Dos 30 estudantes de novo ingreso, 2 abandonaron a titulación. Ademais recibíronse 9 estudantes matriculados na USC para cursar a especialidade de Recursos Humanos durante o 2º cuatrimestre.

Das enquisas realizadas aos alumnos no curso 2013-2014, no referente ao item de coñecemento dos criterios e os procedementos de admisión de estudantes, obtívose un resultado de 4.54 ( idéntica á do curso anterior ) sobre 7. Como froito da proposta de mellora formulada no presente curso, a satisfacción cos procedementos de admisión e as actuacións que orientan aos estudantes de novo ingreso experimentaron un aumento, cunhas puntuacións de 4.87 (3.15 no curso 2012-13 ) e 4.00 (2.83 no curso 2012-13 ) respectivamente. Débese continuar nesta liña.

En canto á mobilidade de estudantes, xulgamos moi positivamente a mobilidade dentro do Título entre as Universidades participantes, así como a realización dunha 2ª ou 3ª especialidade. Tratándose dunha titulación de un curso académico, a mobilidade a outras Universidades e Títulos, resulta de difícil implementación. Aínda así, 1 estudante acolleuse a un programa Erasmus Intensivo Self Smart durante o presente curso 2013-14 na Universidade de Suceava en Romanía. No aspecto de nacionalidades do grupo, 2 estudantes procedían de Colombia.

Pola súa banda, da Universidade de Santiago de Compostela dispoñemos dos seguintes datos:

Como xa se indicou noutro apartado, o porcentaxe de alumnos de matrícula de inicio de estudos sobre as prazas

ofertadas e dun 106,67% (a media da USC e do 64,69%). A porcentaxe de estudantes nacionais de fora de Galicia foi do 6,67%.

Nesta mobilidade interna, a Universidade de A Coruña foi a principal receptora de estudantes, se ben tamén é posible tratar a mobilidade externa. Segundo os datos obrantes, a Universidade de Santiago de Compostela recibiu no 2011-2012 dous alumnos procedentes de América Latina, a través de diferentes convenios de colaboración, e no ano 2012-2013 tamén foron dous mediante convenios Erasmus, os cales procedían de Italia e Francia. O presente curso cóntase cunha alumna francesa e outra peruana.

En todo caso, a mobilidade interna resúltanos cada vez de maior interese, por este motivo a Comisión Interuniversitaria do Máster propuxo un protocolo de actuación, pois nada se prevía na Memoria do Máster, de aplicación nos casos en que os alumnos cursen varias especialidades. O devandito protocolo foi aprobado pola Comisión Interacadémica do Máster, celebrada el 30 de Xulio de 2013 en Santiago de Compostela.

Por todo isto, tamén se está a intentar fortalecer os lazos con outras universidades estranxeiras co fin de favorecer o intercambio estudantil, exemplo do cal o constitúe o Convenio Erasmus específico de Máster entre as Universidades de Santiago de Compostela e Panteón-Sorbona.

#### **BOAS PRÁCTICAS**

- Información pública do perfil de ingreso, perfil de egreso, criterios de admisión e PAT.
- Xornada de benvida.
- Mobilidade de alumnos entre as Universidades participantes.
- Elaboración dun protocolo para regular o desenvolvemento por un alumno das diferentes especialidades do Máster.
- Firma dun Convenio Erasmus específico para alumnos do Máster entre a Universidade de Santiago de Compostela e Panteón-Sorbona.

#### **PROPOSTAS DE MELLORA:**

#### **BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 5. Planificación das ensinanzas

Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Planificación da ensinanza" do Programa FIDES-AUDIT.

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	xB	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	---	------------	----	--------------	---	------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

De acordo co apuntado no apartado referido a "Competencias/Obxectivos", o Máster iniciouse no ano académico 2007-2008, período no que ningunha das tres universidades galegas tiñan instaurado os ensinamentos de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, razón pola cal a Comisión Interuniversitaria do Máster procedeu a modificar o seu plan de estudos para o curso académico 2010-2011. Esa modificación consistiu basicamente en reducir a súa duración de bienal a anual, dotándoo de 60 créditos ECTS, e en adecuar as materias á súa nova estrutura. Con iso resolvíanse os problemas de que algunha das materias antes ofertada fose impartida previamente no Grao; e de que se producise unha certa disfuncionalidade ocasionada polo carácter bienal que impedía a matrícula dos estudantes cuxos estudos no Grao, a Diplomatura ou a Licenciatura, finalizaban no ano en que se impartía o segundo curso. Ao tempo, apostouse por unha maior especialización do alumnado que lles permitiría alcanzar as competencias adecuadas ás necesidades do mercado de traballo, de xeito que cada unha das tres universidades ofertaban unha especialidade diferente: "Xestión Sociolaboral" na Universidade de Santiago de Compostela, "Dirección Laboral das Empresas" na Universidade de Vigo, e "Recursos Humanos" na Universidade de A Coruña.

Así, o Máster oferta na actualidade un total de 108 créditos ECTS, dos cales o alumno deberá cursar 60, divididos en dous cuatrimestres. No primeiro, impartiranse as materias obrigatorias xerais (24 créditos, distribuídos en seis materias de 3 créditos e unha de 6), co obxectivo de introducir aos alumnos en cuestións fundamentais para darlles as condicións que lles permitan abordar as materias da especialidade. Mentres que no segundo cuatrimestre, atópanse as materias obrigatorias da especialidade (24 créditos); as prácticas externas (6 créditos) que se efectúan en entidades (empresas, Administracións públicas, asesorías e despachos de avogados) relacionadas coa temática do Máster e que deben finalizar, como data límite, o 31 de agosto; e o traballo fin de máster (6 créditos), consistente na realización dun proxecto ou estudo en que se aplique e desenvolva os coñecementos adquiridos no Máster, o cal será xulgado por unha comisión tras a súa exposición oral no mes de xullo ou, opcionalmente, no de setembro. Para a súa presentación é condición *sine qua non* o superar a totalidade dos créditos obrigatorios establecidos no plan de estudos.

A estratexia na reelaboración do plan de estudos do Máster atopábase en utilizar como base os estudos dos Graos en Relacións Laborais, pois o alumno que os cursa ten o perfil natural e as competencias máis adecuadas aos contidos do aquel e ás súas saídas profesionais. Nestes momentos, pódese dicir que dita estratexia cumpriu as metas e expectativas perseguidas, tanto na selección dos contidos propios desenvolvidos en materias, canto na coordinación e organización delas. Ata máis, sorprendeu a repercusión do Máster en alumnos procedentes doutras titulacións próximas nalgúns ámbitos ao Grao de Relacións Laborais, talles como Psicoloxía, Economía, Administración de Empresas, Ciencias Políticas e Dereito. Tamén é destacable que os alumnos sexan cada vez máis conscientes das competencias que necesitan para cursar os estudos, o que se debe a unha mellor campaña de información dende cada un dos centros.

En todo caso, tres son as cuestións cotiás de xestión do Máster que merecen o noso detemento:

1. O contido das materias e as guías docentes, que son revisadas e publicadas cada ano, tras a aprobación do correspondente consello de Departamento e de cada unha das tres comisións académicas do Máster, con indicación de competencias, contidos, metodoloxías e sistema de avaliación. E función desta comisión universitaria de cada facultade, así como da comisión Interuniversitaria vixiar o contido e solapamento das materias. Resultado de esta labor, a valoración global dos estudantes sobre a docencia recibida acadou valores satisfactorios nas tres universidades.

Na Universidade de Santiago o grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida foi de 3,55 sobre 5, aínda que se trata de un dato positivo, se se analizan cada un dos items da escala, encontramos que, en todos, a puntuación obtida está por riba da media, salvo no item referido a coordinación intramateria onde a puntuación é moi baixa, de 1,61, o cal obriga a tratar de implantar algunha medida de mellora neste aspecto. Se ben, si analizamos este item na enquisa ao profesorado sobre a docencia impartida, a puntuación é de 5. Obviamente esta disparidade no grao de satisfacción parece indicar que aínda que os profesores traballen e fagan esforzos na coordinación da materia, os alumnos no perciben así.

Na Universidade da Coruña nos items referidos a organización e os métodos de ensinanza e a os criterios de avaliación a puntuación media obtida e de 4,33 sobre 7, o cal considerase satisfactorio. Nembargante, a valoración dos alumnos sobre a coordinación intra e intermateria e de 2,93, mellorando lixeiramente sobre a do curso anterior, pero que indica que é necesario seguir mellorando neste aspecto. Por último, na universidade de Vigo, os datos son semellantes, o grado de satisfacción coa planificación e o desenrolo das ensinanzas e de 4,20 sobre 7, pero o grado de satisfacción coa coordinación entre o profesorado e de 2,88. Pola súa banda, na enquisa ao profesorado as puntuación obtidas son de 6,12 e de 6,13 respectivamente nestes dous aspectos.

As prácticas externas, que son obrigatorias e que poden ser propiciadas polos propios alumnos ou asignadas directamente pola coordinación do máster o pola facultade. Existe información exhaustiva sobre estas na páxina web de cada Universidade. Ademais, en cada Universidade, faise público o listado de institucións, empresas e entidades colaboradores ao respecto, así como a relación de titores. Na universidade de Vigo existe a figura de coordinador de prácticas, o cal favorece o entendemento entre os estudantes e as entidades onde se desenvolven as prácticas. Como xa se indicou noutro apartado deste informe, a satisfacción ca organización e o desenvolvemento das prácticas por parte do alumnado e dun 2,80 (sobre 5) na USC e dun 2,81 (sobre 7) na UDC. Datos moito mais positivos despréndense das enquisas aos egresados onde os resultados son de 3 e 4,70 respectivamente para cada universidade. E necesario seguir mellorando e potenciando boas prácticas neste aspecto.

Os traballos fin de máster, para os que cada Universidade conta coas súas propias regras. As tres universidades publican información nas súas webs sobre normativas, prazos e indicacións para facer o TFM. Xustamente na Comisión Académica do Máster na Universidade de Santiago de Compostela, de 14 outubro 2013, aprobouse o novo regulamento que os regula, que conta con dúas novidades principais. Por unha parte, os profesores pasen a ser titores e non directores dos TFM, de sorte que é o alumno o que debe decidir ou non a súa defensa. E pola outra a posibilidade de atribuír a dirección de tales traballos a profesores sen docencia no Máster pero membros das Áreas de Coñecemento que imparten as materias. Esta última opción recibíuse con agrado habida conta que se conta con 44 alumnos matriculados (32 de nova matrícula), dos cales 12 proceden do curso pasado ao non ter defendido os seus TFM no ano académico 2012-2013, ben por falta de tempo (a causa máis común é compatibilizar o traballo co estudo), ben por falta de autorización dos titores habida conta a súa baixa calidade. Con iso, o número de profesores con docencia efectiva no Máster é moi reducido. En calquera caso, estes datos obrigan a unha reflexión para levar a cabo accións de mellora que reduzan considerablemente esta taxa. No caso da Universidade de Vigo e da Coruña, o número de alumnos que se matricularon de novo no TFM é considerablemente menor. Na USC decidiuse nomear, en cumprimento do *Regulamento de TFM*, a un profesor como *Coordinador dos traballos fin de máster*, con fin de que asuma as relacións con departamentos con docencia no máster para recabar os temas e títulos dos traballos; as relacións con alumnos que poden propiciar un titor do traballo o poden pedir que lle sexa atribuído polo coordinador; e a fixación do calendario. Pénsase que con isto vaise a axilizar os trámites burocráticos e ofrecer unha maior eficacia. Enténdese que na Universidade de Vigo esta figura non é prioritaria pois na estrutura administrativa do Máster contan cun director académico e cunha coordinadora. A comisión do máster desta universidade aprobou como proposta de mellora a realización dun seminario orientativo para a realización de TFM.

#### BOAS PRÁCTICAS

- Publicación de guías docentes institucionalizadas
- Reunións de coordinación para evitar solapamentos
- Publicación de información das Prácticas externas
- Publicación de información do Traballo Fin de Máster e nomeamento de un coordinador do mesmo na USC.
- Seminario orientativo para a realización de TFM na UVIGO

#### PROPOSTAS DE MELLORA:

- Mellorar a coordinación entre os profesores que imparten unha mesma materia así como entre as materias impartidas do Máster.

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**



### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 6. Recursos humanos

*Valorarase o criterio de “Persoal académico” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos” do Programa FIDES-AUDIT.*

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	xA	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</b>							
<p>O profesorado que imparte docencia no Máster posúe a cualificación e experiencias necesarias para o desenvolvemento do programa formativo. Todos eles contan cunha actividade docente de máis de dez anos. Na Universidade de Santiago de Compostela, dos quince profesores con docencia no Máster, nove son doutores e suman catorce sexenios, a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total é do 60%. Pola súa banda, a porcentaxe de PDI funcionario é de un 53,33%; 2 profesores teñen dedicación a tempo parcial, co cal achegan a súa experiencia práctica procedente do ámbito da avogacía e da Administración de Xustiza. O ratio de estudantes por profesor a tempo completo e de 3,46. A media de alumnos por grupo de teoría e de docencia interactiva e de 28 e 29,07 respectivamente, superior en ámbolos dous casos á media da USC.</p> <p>Na Universidade de A Coruña, dos 22 profesores con encargo docente, 13 son doutores e contan con doce sexenios; mentres que 2 teñen dedicación a tempo parcial e contribúen coa súa experiencia cualificada no ámbito da Administración da Seguridade Social e da Inspección da Axencia Tributaria.</p> <p>Na Universidade de Vigo hai 33 profesores. Compre indicar que nesta Universidade a docencia no Máster non é computada dentro da carga docente dos seus profesores, que deben asumila como externa a que teñen atribuída nos estudos dos graos. Por esta razón, precisan dun maior número de profesores, moitos deles profesionais no eido do Dereito Social máis procedentes da xudicatura, como o Xuíz Decano de Vigo, a inspección de traballo, a avogacía, así como responsables de Recursos Humanos de empresas cunha importante presenza nacional coma internacional, que poidan axudar a impartir as ensinanzas, ao cal se engade a necesaria presenza de tres ensinantes lusos para a materia “Relacións transfronteirizas no marco de la UE. Introducción ao Dereito social portugués”. Todo o cal dálle unha riqueza importante pola variedade de coñecementos prácticos e teóricos que poden transmitir. O cadro de profesores internos suman un número total de 19, tendo en conta os tres profesores portugueses- todos eles son doutores e 16 deles contan ó menos cun sexenio de investigación Esta participación compartida entre profesores da Universidade e docentes externos reforza a calidade da enseñanza, tal e como poñen de manifesto as enquisas de satisfacción.</p> <p>A colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar é imprescindible. Nas Universidades de A Coruña e Santiago de Compostela, porque permite ampliar o número de docentes, aínda que o sexan en sesións extraordinarias sobre unha cuestión de máximo interese. Máis na Universidade de Vigo esa colaboración é vital polo feito recén explicado de non computar a docencia do Máster como docencia regrada na carga de cada un dos profesores da mesma. Por todo ilo, é frecuente que o alumnado coñeza e fórmese coa participación de expertos recoñecidos nas diferentes ramas de coñecemento que integran os estudos do Máster.</p> <p>Os resultados positivos das enquisas de satisfacción nas tres universidades avalan a idoneidade do profesorado. Segundo os datos proporcionados pola Universidade de A Coruña, os datos da enquisa a titulados indican que estes atópanse satisfeitos co cadro docente e a súa valoración respecto diso é de 4,83 puntos sobre 7 e de 5, cando se lle pregunta polos seus coñecementos; en canto a relación profesor-alumno, o grao de satisfacción é de 5,25 sobre 7. Na USC a satisfacción global do alumnado coa docencia recibida foi de 3,55 sobre 5. Se facemos unha análise polos diferentes items da escala os valores están todos por riba de media, oscilando entre 3.34 e 4,38 a excepción do item referido a coordinación intramateria que xa se explicou no apartado de planificación das ensinanzas. Pola súa banda, o grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida e de 4.33 sobre 5. Por último, na Universidade de Vigo, os datos son aínda máis satisfactorios, xa que indican un grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenrolo das ensinanzas de 4,20 sobre 7 e a do profesorado de 6.12</p>							

**BOAS PRÁCTICAS**

- - Facer pública a información sobre os profesores, internos e externos, a través de cada guía docente e das páxinas web das Facultades implicadas.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
7. Recursos materiais e servizos							
<i>Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	xB	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</b>							
<p>A dotación en equipamento prevista para a impartición do título é a adecuada para os obxectivos formativos. As aulas habilitadas para iso nas tres Universidades contan cos medios telemáticos e os equipos informáticos necesarios para servir á docencia. Outro tanto ocorre coas aulas auxiliares, en especial nas que se pode utilizar a videoconferencia, sistema que atopouse moi útil e económico en especial no caso de conferencias paralelas á docencia ordinaria do Máster, evitándose desta maneira o desprazamento dos alumnos dun campus a outro.</p> <p>A biblioteca Concepción Arenal da Universidade de Santiago de Compostela, especializada en Ciencias Xurídicas e Sociais, conta con fondos bibliográficos extraordinarios pola súa antigüidade. A recente incorporación das Facultades de Relacións Laborais e de Ciencias Políticas permitiron incrementar aínda máis a súa riqueza e unir esforzos coa Facultade de Dereito para a súa conservación. Por todo isto, constitúe un recurso material clave.</p> <p>Pola súa parte, a biblioteca da Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade de A Coruña, que se atopa centralizada no Campus de Ferrol, posúe os recursos bibliográficos suficientes e adecuados para a titulación; e o mesmo pode dicirse da biblioteca da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo.</p> <p>A Universidade de Santiago de Compostela subministra o dato de contar con 54 ordenadores fixos para as necesidades dos estudantes da Facultade de Relacións Laborais onde se imparte o Máster, de sorte que cada 9.8 estudantes dispoñen dun de tales ordenadores con conexión á rede. Pola súa banda, a Universidade de Vigo dispón de dous laboratorios de informática con 40 postos cada un deles. A Facultade de Ciencias do Traballo da UDC, conta un Aula de Informática equipada con 38 postos, un Aula Informática móbil con 20 notebooks e un Aula Net con 20 postos, de acceso libre para os estudantes.</p> <p>As enquisas sobre a satisfacción cos recursos e servizos realizadas nas tres universidades avalan a valoración positiva deste criterio.</p> <p>As enquisas procedentes da Universidade de A Coruña e referidas ao curso 2013-14 determinan que o alumnado está satisfeito coas aulas e os espazos destinados ao traballo, concedendo unhas puntuacións de 4,07 e 4,20 sobre 7, respectivamente. En canto ás instalacións da biblioteca, as puntuacións son de 3,45. O ítem sobre a Garantía de acceso ás distintas fontes de información, bases de datos, fondos bibliográficos valóranos cun 3,40. En canto as enquisas realizadas aos egresados, no ítem "As Infraestruturas e materiais dispoñibles foron axeitados", o resultado foi de 4,50 sobre 7.</p> <p>Na Universidade de Vigo, os estudantes mostran un grao de satisfacción cos espazos destinados ao traballo de 5,67 sobre 7. No ítem referido as distintas fontes de información as que teñen acceso o resultado foi de 6,13. Con respecto ao grao de satisfacción do profesorado con estes dous aspectos, os resultados son de 6,20 e 6,30 respectivamente. Nesta Universidades os resultados son especialmente positivos.</p> <p>Pola súa banda, na universidade de Santiago, non hai datos sobre o grao de satisfacción dos alumnos sobre estes aspectos, Pero si se dispoñen de datos do profesorado e dos egresados. Con respecto ao grao de satisfacción dos profesores cos servizos e materias dispoñibles o resultado e de 4,33 sobre 5. Os egresados, indican un grao de satisfacción coas Infraestruturas e materiais dispoñibles no centro de 3, e ca biblioteca de 4.</p>							
<b>BOAS PRÁCTICAS</b>							
- Publicación na páxina web da Facultade e institucional da UDC, dos recursos dispoñibles.							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<b>BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:</b>							

. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
8. Resultados previstos							
<p>Valorarase o criterio de “Resultados previstos” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Análise e utlización dos resultados para a mellora dos programas formativos e “Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos” do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	xA	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</b></p> <p>Os resultados previstos poden ser analizados sobre os parámetros extraídos das taxas de rendemento, de avaliación e de éxito. Os datos subministrados pola Universidade de Santiago de Compostela neste punto indican uns resultados moi positivos que melloran os acadados no ano anterior. A taxa de rendemento sitúase nun 91,20% e estando por riba da media da universidade que é do 92,11%, Pola súa banda, a taxa de éxito é moi elevada, do 99,01%. A taxa de avaliación, que alude aos alumnos que se presentan a exame, atópase nun 92,11%, fronte ao 89,50% da USC. A taxa de graduación sitúase no 70% (73,72% na USC). Sobre este último aspecto compre facer unha indicación. Se ben o resultados indican que, practicamente tódolos estudantes superaron o conxunto das materias teóricas así como os prácticas en empresas, hai un porcentaxe elevado que non defendeu o TFM. Tal e como xa se comentou no apartado de planificación das ensinanzas, é necesario que a comisión académica do máster trate este tema e se propoñan medidas de mellora.</p> <p>En canto a duración media dos estudos, e de 1,41, igual a da USC. En relación á taxa de abandono, esta foi do 15%. Por último a porcentaxe de actas fora de prazo fi do 28%.</p> <p>A taxa de rendemento do máster para o curso 2013/14 foi de 98,3, maior que o conxunto da UDC para máster e no campo das Ciencias Sociais e Dereito, o que pode ser cualificado como satisfactorio. A taxa de abandono, cun resultado de 6,7% está dentro do rango normal, considerándose a totalidade da UDC para títulos de máster. A taxa de eficiencia resulta altamente satisfactoria (99,2%). A taxa de graduación do título 93,3% e moi superior a do conxunto da UDC. A taxa de éxito é do 100% e a taxa de eficiencia do 99,2%, o que se considera amplamente satisfactorio.</p> <p>Finalmente, en canto á duración media dos estudos inicialmente considerar que o currículo era de 120 créditos ECTS, ata 2011/12, cando o novo plan implementado 60 créditos. Os resultados melloran os da UDC para máster e no campo das Ciencias Sociais e Dereito. A duración media dos estudos é de 1,04. Hai que indicar, tal e como ocorría na Universidade de Santiago, os resultados melloran os acadados o ano anterior en todos os criterios.</p> <p>Pola súa banda, na Universidade de Vigo a taxa de éxito é dun 99,23%, moi satisfactoria e similar as das outras dúas universidades. A taxa de eficiencia foi do 99,71%. En canto a taxa de Avaliación, e do 92,20%, similar á da USC, pero non acadando os datos da Universidade da Coruña. A taxa de rendemento é do 91,49%, como ocorría no caso anterior, este valor e similar ao encontrado na USC, pero en ningún caso supera a UDC. A taxa de graduación mellorou con respecto ao curso anterior, paso do 78,13% a 81,25%, por debaixo dos resultados acadado na UDC, pero mellores que en Santiago. Pola súa banda, a taxa de abandono foi do 0%, resultado moi satisfactoria que supera ao acadados nas outras universidades.</p> <p>Tamén debe destacarse que nos devanditos datos inflúe de forma considerable o número de alumnos por profesor, cuxa maior porcentaxe vai en detrimento da calidade da docencia máxime coa implantación do Sistema Bolonia. A universidade de Santiago proporciona datos ao respecto. Así, a ratio de estudantes por profesor a tempo complete e de 3,46 fronte a 1,19 na media da USC. A media de alumnos por grupo de teoría e interactiva e, respectivamente de 28 fronte a 11,38 na USC, e de 29,07 fronte a 10,81 na USC</p>							

**BOAS PRÁCTICAS**

- Manter o nivel de esixencia.
- Levar a cabo un seminario para a realización do TFM na UVigo

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Proporcionar toda a información pertinente aos estudantes sobre a realización e defensa do TFM co obxecto de este podan planificar mais eficientemente o traballo a realizar e mellorar a organización da adxudicación de TFM de modo que os alumnos coñezan coa suficiente antelación o tema e titor que lle corresponde.

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
9. Sistema de garantía da calidade							
<i>Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e o Sistema de Garantía da Calidade (SGC) do Centro.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	xA	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</b>							
<p>O Máster en Xestión e Dirección Laboral dispón dun Sistema de Garantía Interna de Calidade que asegura o control, a revisión e mellora continua do mesmo. Como a titulación ten un carácter interuniversitario, pois impártese polas Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, correspondeulle á primeira a coordinación do seguimento da calidade. Para iso, dentro da Comisión de Calidade da Facultade de Relacións Laborais da citada Universidade de Santiago de Compostela efectúase o seguimento do título nesa Universidade e infórmase das vicisitudes do mesmo nas outras dúas Universidades. O material recompilado e os asuntos que se propoñan son obxecto de discusión e adopción de decisións na Comisión Interuniversitaria do Máster.</p> <p>A coordinación é aínda maior polo feito de que as Universidades de A Coruña e Vigo remiten a coordinadora da Universidade de Santiago de Compostela os datos e análise dos mesmos relativos ao título da correspondente Universidade. Todo iso supón un traballo conxunto e da mesma intensidade nas tres Universidades, independentemente de que a USC deba presentar o presente informe na súa condición de responsable principal.</p>							
<b>BOAS PRÁCTICAS</b>							
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Información pública do Sistema de Garantía Interna de Calidade de cada Facultade participante.</li> <li>- Reunión da Comisión Interuniversitaria previa a elaboración do informe de seguimento para avaliar as incidencias acontecidas no Máster en cada Universidade.</li> </ul>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mellorar o sistema de avaliación da satisfacción do estudantado coa docencia recibida instando a Vicerreitoría responsable de calidade da USC para a aplicación nas aulas das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.</li> </ul>							
<b>BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:</b>							

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
10. Calendario de implantación							
<i>Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	xA	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</b></p> <p>O Máster en Xestión e Dirección Laboral implantouse nas Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo no curso académico 2007-2008, tendo naquel momento unha duración de dous anos e contando con 120 créditos ECTS. A periodicidade na oferta foi bienal.</p> <p>Coincidindo co arranque dunha nova promoción, no ano 2009-2010, tras un proceso de verificación abreviado, implantouse un novo plan de estudos de tamén 120 créditos, no que se incorporou a esixencia dun Traballo fin de máster de acordo co lo que dispuxo o RD 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. No curso académico 2011-2012, introduciuse o actual Plan de estudos do Máster Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral, adaptado plenamente ao sistema Boloña e coordinado coas materias dos graos que lle dan acceso. Nese momento, a súa duración pasou de ser bienal a anual e o número de créditos de 120 a 60.</p> <p>En todo este percorrido, a Universidade de Vigo non puido ofertar o Máster nos cursos académicos 2009-2011 (aínda na súa modalidade bienal) e 2011-2012. Mais este problema foi corrixido con éxito a partires do no ano académico 2012-2013 que se está ofertando con total normalidade nas tres Universidades.</p>							
<p><b>BOAS PRÁCTICAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reunións habituais da Comisión de Calidade</li> </ul>							
<p><b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b></p>							
<p><b>BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:</b></p>							

**4. ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN, DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO**

**INFORME FINAL DE SEGUIMIENTO**

Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
<b>DESCRIPCIÓN DO TÍTULO</b> Falta mucha información, se trata de un título interuniversitario y la USC no lo menciona, únicamente si accedes a la memoria del título. En la UDC sí se indica que es interuniversitario. Tiene muchas carencias. No hay información en la web de UVIGO	Procedeuse a cumprimentar a información solicitada polos coordinadores de cada Universidade. E importante indicar que a UVIGO no ofertou o título no 2011-12 e por iso non aparece información sobre o mesmo. A partir do curso 2012-13 xa dispón de dita información.
<b>XUSTIFICACIÓN:</b> Ninguna de las webs contiene la información sobre la justificación del título. Los enlaces facilitados en el informe de seguimiento no funcionan. No hay información en la web de UVIGO	Procedeuse a cumprimentar a información solicitada polos coordinadores de cada Universidade. E importante indicar que a UVIGO no ofertou o título no 2011-12 e por iso non aparece información sobre o mesmo. A partir do curso 2012-13 xa dispón de dita información.
<b>OBXECTIVOS/COMPETENCIAS:</b> La web de la USC contiene objetivos pero no competencias y la de la UDC competencias pero no objetivos. No hay información en la web de UVIGO	Procedeuse a cumprimentar a información solicitada polos coordinadores de cada Universidade. E importante indicar que a UVIGO no ofertou o título no 2011-12 e por iso non aparece información sobre o mesmo. A partir do curso 2012-13 xa dispón de dita información.
<b>ACCESO E ADMISIÓN DE ESTUDANTES</b> No hay información en la web de UVIGO	A UVIGO no ofertou o título no 2011-12 e por iso non aparece información sobre o mesmo. A partir do curso 2012-13 xa dispón de dita información.
<b>PLANIFICACIÓN DAS ENSINANZAS</b> La información en este criterio está completa en la UDC, salvo el plan de acción tutorial, respecto del cual no hay información. Faltan las guías docentes de las materias Trabajo Fin de máster y prácticas externas en la web de la USC. No hay información en la web de UVIGO	Procedeuse a cumprimentar a información solicitada polos coordinadores de cada Universidade. E importante indicar que a UVIGO no ofertou o título no 2011-12 e por iso non aparece información sobre o mesmo. A partir do curso 2012-13 xa dispón de dita información.
<b>RECURSOS HUMANOS</b> No hay información en la web de UVIGO	A UVIGO no ofertou o título no 2011-12 e por iso non aparece información sobre o mesmo. A partir do curso 2012-13 xa dispón de dita información.
<b>RECURSOS MATERIALES Y SERVICIOS</b> En la UDC no se ha encontrado información sobre recursos materiales, únicamente un plano del edificio en la web del centro. No hay información en la UVIGO	Procedeuse a cumprimentar a información solicitada polos coordinadores de cada Universidade. E importante indicar que a UVIGO no ofertou o título no 2011-12 e por iso non aparece información sobre o mesmo. A partir do curso 2012-13 xa dispón de dita información.
<b>RESULTADOS</b> La información en la web de la USC no se considera accesible, ya que solo se ha podido acceder a la misma a través del enlace facilitado en el informe de seguimiento. Los resultados en la web de la UDC <a href="http://sgic.udc.es/seguimiento.php">http://sgic.udc.es/seguimiento.php</a> muestran un pdf vacío. No hay información en la UVIGO	Procedeuse a cumprimentar a información solicitada polos coordinadores de cada Universidade. E importante indicar que a UVIGO no ofertou o título no 2011-12 e por iso non aparece información sobre o mesmo. A partir do curso 2012-13 xa dispón de dita información.
<b>SISTEMA DE GARANTÍA DA CALIDADE:</b> En la de la UDC, en el enlace <a href="http://sgic.udc.es/seguimiento.php">http://sgic.udc.es/seguimiento.php</a> en la Facultad de Ciencias del Trabajo solo hay información del grado en Relaciones Laborales y Recursos Humanos. No hay información en la UVIGO	Procedeuse a cumprimentar a información solicitada polos coordinadores de cada Universidade. E importante indicar que a UVIGO no ofertou o título no 2011-12 e por iso non aparece información sobre o mesmo. A partir do curso 2012-13 xa dispón de dita información.
<b>CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN:</b> Non figura na web propia nin na da UDC información	Procedeuse a cumprimentar a información solicitada polos coordinadores de cada Universidade. E



sobre o calendario de implantación. No hay información en la UVIGO	importante indicar que a UVIGO no ofertou o título no 2011-12 e por iso non aparece información sobre o mesmo. A partir do curso 2012-13 xa dispón de dita información.
<b>INFORME FINAL DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS</b>	
<b>Recomendacións establecidas no informe final</b>	<b>Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)</b>
<b>INFORME FINAL DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS</b>	
<b>Recomendacións establecidas no informe final</b>	<b>Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)</b>

## 5. PLAN DE MELLORAS

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	S01-PM-01
		Tipo	Seguimento / acreditación do título
	Orixe	Orixe acción	Planificación das ensinanzas
		Descrición orixe	.
	Definición	Análise causa	Baixo grado de satisfacción dos estudante coa coordinación intra e intermaterias
		Definición/descrición proposta	Mellorar a coordinación entre o profesorado do máster; tanto no que atinxe a unha mesma materia compartida por dous o mais docentes, como ao conxunto de materias impartidas no máster.
		Data prevista de finalización	Curso 2014-2015
		Data inicio	Curso 2014-2015
Responsables	Usuario responsable da implantación	Coordinadores do máster. Cadro de profesores do máster.	
	Outros responsables da implantación		
Tarefa1	Código	IN46-S01-PM-01	
	Descrición tarefa	Realizar una reunión da comisión de Máster de cada unha das especialidades centrada en mellorar a coordinación entre as materias e evitar solapamentos.	
	Data prevista de finalización	Curso 2014-2015	
	Persoa responsable	Coordinadores de cada unha das Universidades	
	Usuario responsable		
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		

	<b>Usuario responsable</b>	
Finalización	Estado	
	<b>Data estado</b>	
	<b>Comprobación</b>	Enquisas de satisfacción do alumnado
	<b>Data comprobación</b>	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	<b>Código</b>	PM-02
		<b>Tipo</b>	Medición da satisfacción dos grupos de interese.
	Orixe	<b>Orixe acción</b>	Sistema de garantía de calidade
		<b>Descrición orixe</b>	
	Definición	<b>Análise causa</b>	Baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida.
		<b>Definición/descrición proposta</b>	Mellorar o sistema de avaliación da satisfacción do estudantado coa docencia recibida.
		<b>Data prevista de finalización</b>	Curso académico 2015-2016
		<b>Data inicio</b>	
	Responsables	<b>Usuario responsable da implantación</b>	Vicerreitoría con responsabilidade na área de calidade
		<b>Outros responsables da implantación</b>	
Tarefa1	<b>Código</b>	IN48G-PM02	
	<b>Descrición tarefa</b>	Instar a Vicerreitoría responsable de calidade da USC para a aplicación de novo nas aulas das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.	
	<b>Data prevista de finalización</b>	Finais do curso 2014-2015	
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinadora do máster	

	<b>Usuario responsable</b>	
<b>Subtarefa 1</b>	<b>Código</b>	
	<b>Descrición tarefa</b>	
	<b>Data prevista de finalización</b>	
	<b>Persoa responsable</b>	
	<b>Usuario responsable</b>	
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	
	<b>Data estado</b>	
	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>			
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	S01-PM01
		<b>Tipo</b>	Seguimento/acreditación do título
	<b>Orixe</b>	<b>Orixe acción</b>	3. Competencias
		<b>Descrición orixe</b>	
	<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	O grado de satisfacción do alumnado coas competencias acadadas no máster, aínda que, en xeral, é satisfactorio, considerase que debe mellorarse xa que se trata de un dos aspectos fundamentais na consecución do título.
		<b>Definición/descrición proposta</b>	Mellorar as competencias transversais dos estudantes para acadar emprego no mercado laboral unha vez finalizado o máster.
		<b>Data prevista de finalización</b>	Finais do curso 2014-2015
		<b>Data inicio</b>	Segundo cuadrimestre do curso 2014-2015
	<b>Responsables</b>	<b>Usuario responsable da implantación</b>	Coordinadora do Máster
		<b>Outros responsables da implantación</b>	

<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>	IN46-S01-PM-01
	<b>Descrición tarefa</b>	Realización de un taller de "Assessment center de desenvolto" onde se avalían diferentes competencias transversais importantes para a práctica profesional.
	<b>Data prevista de finalización</b>	Maio 2015
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinadora do Máster
	<b>Usuario responsable</b>	
<b>Subtarefa 1</b>	<b>Código</b>	IN46-S01-PM-01
	<b>Descrición tarefa</b>	Conferencia sobre inserción laboral
	<b>Data prevista de finalización</b>	Maio 2015
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinadora do Máster
	<b>Usuario responsable</b>	
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	
	<b>Data estado</b>	
	<b>Comprobación</b>	Enquisas de satisfacción do curso 2014-2015
	<b>Data comprobación</b>	

ACCIÓNS DE MELLORA			
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	PC-09
		<b>Tipo</b>	Xestión de prácticas externas
	<b>Orixe</b>	<b>Orixe acción</b>	3. Competencias
		<b>Descrición orixe</b>	
	<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	Baixo grado de satisfacción do alumnado coa organización e xestión das prácticas
		<b>Definición/descrición proposta</b>	Ofrecer aos estudantes información precisa sobre o obxectivo, organización e o contido das prácticas externas.
		<b>Data prevista de finalización</b>	Setembro

		<b>Data inicio</b>	Setembro 2014
<b>Responsables</b>	<b>Usuario responsable da implantación</b>	Coordinadores do máster das tres universidades	
	<b>Outros responsables da implantación</b>		
<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>	IN19-PC09	
	<b>Descrición tarefa</b>	Proporcionar información completa aos estudantes sobre as prácticas externas a través da xornada de benvida e de publicación de toda a información na guía do máster (calendario, organización, duración, contido, e obxectivos)	
	<b>Data prevista de finalización</b>	Setembro de 2014	
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinadores do máster nas tres universidades	
	<b>Usuario responsable</b>		
<b>Subtarefa 1</b>	<b>Código</b>	IIN19-PC09	
	<b>Descrición tarefa</b>	Nomeamento dun coordinador de prácticas	
	<b>Data prevista de finalización</b>	Setembro de 2014	
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinadora do máster	
	<b>Usuario responsable</b>		
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>		
	<b>Data estado</b>		
	<b>Comprobación</b>	Enquisas de satisfacción do alumnado	
	<b>Data comprobación</b>	Finais curso 2014-2015	

<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>			
<b>Definición</b>	<b>n de mellor</b>	<b>Código</b>	SO1-PM-01

	Orixe	<b>Tipo</b>	Seguimento/ acreditación do título
		<b>Orixe acción</b>	8. Resultados previstos
		<b>Descrición orixe</b>	
	Definición	<b>Análise causa</b>	Baixa taxa de gradación motivada polo retraso na realización e posterior defensa do TFM do estudiantado na USC
		<b>Definición/descrición proposta</b>	Proporcionar toda a información pertinente ao estudiantado sobre a realización e defensa do TFM
		<b>Data prevista de finalización</b>	Decembro 2014
		<b>Data inicio</b>	Setembro 2014
Responsables	<b>Usuario responsable da implantación</b>	Coordinadora do máster na USC	
	<b>Outros responsables da implantación</b>		
Tarefa1	<b>Código</b>	IN38-S01-PM-01	
	<b>Descrición tarefa</b>	Levar a cabo un seminario sobre a realización de TFM no que se consideren tódolos aspectos relativos ao mesmo (redacción, búsqueda de fontes bibliográficas, tempo requirido para a realización).	
	<b>Data prevista de finalización</b>	Febreiro-Marzo 2015	
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinadora de Máster	
	<b>Usuario responsable</b>		
Subtarefa 1	<b>Código</b>	IN38-S01-PM-01	
	<b>Descrición tarefa</b>	Levar a cabo una cronograma sobre a adxudicación de TFM, co obxecto estudantes coñezan coa antelación suficiente o título e titor que lles corresponde.	
	<b>Data prevista de finalización</b>	Febreiro-Marzo 2015	
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinadores do máster nas tres universidades.	
	<b>Usuario responsable</b>		
Finalización	<b>Estado</b>		
	<b>Data estado</b>		

	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

**Notas:**

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.